


LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión do vinte e sete de abril de dous mil doce, aprobou o procedemento de concesión do premio extraordinario de Grao e Máster, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a oito de maio de dous mil doce, con Vº e prace do Sr. reitor.

Vº e prace  
O reitor



Juan J. Casares Long



## **PROPOSTA DE ACORDO SOBRE O PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DO PREMIO EXTRAORDINARIO EN GRAO E MÁSTER**

Os premios fin de carreira reguláronse polo Ministerio de Educación para moitas titulacións durante os anos 40 e 50 e posteriores. Estes premios ampliáronse para a todas as titulacións dos planes sucesivos de Licenciado, Enxeñeiro ou equivalente, pese a non estar contemplados expresamente na normativa de ditos plans.

Na Universidade de Santiago de Compostela (USC), a última reforma acontecida foi aprobada por acordo do Consello de Goberno do 5 de febreiro de 2004 que modificou os artigos 100 e 101 das Normas de Xestión Académica da USC, estendendo o premio de fin de carreira a todas as titulacións tanto se foran de dous ciclo ou só dun.

A implantación do Espazo Europeo de Educación Superior, e a falta de regulación deste tema, fai necesario que a USC se pronuncie sobre o mantemento ou extinción deste tipo de premios. Consultado os Decanos e Directores de Centros a posición foi favorable a manter este tipo de premio.

Deste xeito faise necesario regulamentar o premio extraordinario para as titulacións de Grao e Máster na USC.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno do 27 de abril de 2012 acordou aprobar o **PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DO PREMIO EXTRAORDINARIO DE GRAO E MASTER** coa seguinte regulación:

### **Art.1 Premio extraordinario de Grao e Máster**

1. O premio extraordinario de fin de Grao e Máster na Universidade de Santiago de Compostela regularase pola presente normativa.
2. O Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela poderá outorgar, a proposta das xuntas de facultade ou escola, dous premios extraordinarios por cada Grao, e un por cada Máster Universitario Oficial.
3. En ningún suposto se poderán acumular os premios extraordinarios de diferentes cursos académicos.

## **Art. 2. Procedemento de concesión**

1. A concesión do premio extraordinario realizarse de oficio nos prazos que fixen os centros, e que non poderá exceder do 15 de novembro do curso académico seguinte á finalización dos estudos.
2. Os destinatarios do premio extraordinario serán os estudantes de Grao ou Máster que superen os estudos no prazo de duración establecido para a titulación, e que teñan a máxima cualificación da súa promoción conforme o sistema de valoración de expedientes fixado en cada momento. Na valoración dos estudos se incluírán todas as materias superadas, incluído o traballo de fin de grado (TFG) e o traballo de fin de máster (TFM).
3. Só poderán ser obxecto de valoración aqueles estudantes que acadaran o Grao ou Máster no precedente curso académico no que se concede o premio extraordinario.
4. A proposta poderá realizarse por unha comisión que designe o Centro, ou polo Decanato ou Director do Centro. A unidade de apoio aos centros, ou as unidades de xestión académica (UUXA) facilitarán ao Secretario do centro a documentación necesaria para realizar a proposta.
5. A proposta farase pública nos taboleiros do Centro e por medios electrónicos.
6. Contra esta proposta poderán presentarse alegacións no prazo de 10 días dende a súa publicación.
7. A proposta e no seu caso as alegacións, xunto có informe do centro sobre as mesmas, será remitida á secretaría xeral da USC para a súa tramitación no Consello de Goberno.
8. O Consello de Goberno será o órgano competente para adoptar a decisión sobre a concesión dos premios extraordinarios, en función das propostas presentadas.
9. O servizo de xestión académica será o encargado de notificar ao interesado a concesión definitiva e incorporalo no seu expediente.

## **Art. 3. Efectos**

1. Os estudantes aos que se lles outorgue o premio extraordinario, expediráselles unha certificación conforme ao modelo que estableza a secretaría xeral. A primeira certificación non reportará prezos públicos.

2. A referida mención incluírase no Título, no Suplemento Europeo ao Título e nas certificacións que se expidan.
3. Tamén dará dereito a obtención, sen taxas de expedición, do correspondente título universitario. No suposto de que o estudante xa estea en posesión do título, terá dereito a expedición gratuíta dun duplicado no que se faga constar o premio.
4. O alumnado con premio extraordinario poderá ter outros beneficios e prioridades que lle outorgue a lexislación vixente ou convocatorias específicas.

***Disposición transitoria***

A concesión de premios extraordinarios dos títulos anteriores ao Real Decreto 1393/2007, regularanse pola súa propia normativa, en particular as normas de Xestión Académica e as dos seus propios Centros.

***Disposición final***

O presente acordo entrará en vigor no momento da súa aprobación e permitirá a concesión de premios extraordinario para os alumnos que rematen os seus estudos de Grao e Máster no presente curso académico 2011-2012.